

Turismo estranxeiro en Galicia (FRONTUR)

FONTE: Instituto Nacional de Estadística (INE) - Novembro 2020. Datos provisionais - Miles de persoas

No mes de novembro de 2020, o número de turistas -persoas que pasaron a noite na comunidade- foi de 24,1 mil persoas cunha variación anual do -69,3% o cal representa o 5,3% do total do turismo estranxeiro que recibe España.

Do total de turistas estranxeiros que recibiu Galicia durante o mes de novembro de 2020 clasificados segundo:

- **Vía de entrada:** O 82% dos turistas estranxeiros empregaron como vía de acceso para entrar en Galicia a estrada, fronte ao 16,3% que empregou o avión.
- **Tipo de aloxamento:** O aloxamento máis empregado foi o de mercado, cun 56,9%, fronte a un 43,1% de aloxamento non de mercado. Desagregando o tipo de aloxamento, o máis empregado foi hoteis e similares seguido de vivenda familiares ou amigos, que representan o 50% e o 23,5% respectivamente.
- **Motivo da viaxe:** O motivo principal polo cal os turistas estranxeiros visitan Galicia é ocio/vacacións, que representa o 51,8% do total dos turistas que visitan Galicia, seguido de negocios o cal representa o 24,7%.

En termos de volume acumulado, dende o mes de xaneiro de 2020, ata o mes de novembro de 2020 a comunidade autónoma de Galicia recibiu 516,4 mil turistas, cunha variación anual do -66,6% o cal representa o 2,8% do total do turismo estranxeiro que recibe España.

Principais mercados emisores para Galicia. Acumulado Xaneiro–Novembro de 2020 (Turistas)

